

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE DO 24 DE NOVEMBRO DE 2017

Asistentes:

Reboreda Morillo, Susana
Fernández Fernández, Adolfo
Barriocanal López, Yolanda
Castro Pérez, Ladislao
De Juana López, Jesús
Pérez Rodríguez, Francisco Javier
Vaquero Díaz, María Beatriz
Preledo Garazo, Antonio
Domínguez López, Ángel
Alejandro Ojea, Mónica
Lozano González Carlos
Ferreiro Calvo, Mireya
Núñez Remacho, Virginia
Galiña Lorenzo, Juan Manuel
Rodríguez Álvarez, Lucía
García Cabo, Manuel
Souto Castro, Iria
Rodríguez Bouzas Josefa
Cadilla Lomba, Josefina T.

Desculpan a súa ausencia:

Comendador Rey, Beatriz
López Díaz, María
Pérez Losada, Fermín
Prada Rodríguez, Julio
Uña Álvarez, Elena de
Sixirei Paredes, Carlos
Valín Fernández, Alberto

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade, o venres 24 de novembro de 2017, ás 11.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 21 de novembro de 2017

- Lectura e aprobación da acta anterior (22 de setembro de 2017)
- Informe da Decana.
- Aprobación do presuposto do ano 2017.
- Nomeamento de integrantes das seguintes comisións: Permanente; Calidade; de Compensación; de TFG; de Prácticas.
- Propostas de cambios no regulamento de TFG.
- Constitución da Xunta Electoral para elección a Decano/a.
- Aprobación da proposta de premio extraordinario fin de carreira.
- Rolda de intervencións.

A Xunta comeza coa benvida da Decana aos novos membros elixidos nas eleccións do 7 de novembro. O equipo de goberno congratúlase de que todas as prazas da Xunta estean cubertas grazas a participación activa de todos os colectivos que integran a Facultade. E con elo, comeza a Xunta coa orde do día prevista.

1. Lectura e aprobación das actas anteriores (23 de xuño de 2017)

Apróbase a acta da sesión anterior por unanimidade.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

Escusan a súa ausencia: María López (asuntos persoais), Alberto Valín (asuntos persoais), Beatriz Comendador (motivos académicos), Fermín Pérez (motivos académicos), Julio Prada (permiso de investigación) e Elena de Uña Álvarez (motivos académicos).

- Neste momento, o grao en Xeografía e Historia está fora do plan de viabilidade das universidades. A matrícula este ano funcionou moi ben tendo 13 matriculados por riba do número que nos esixe a Xunta de Galicia, o obxectivo debe ser manter os 40 matriculados xa que os 5 que restan pertencen ao Plan Conxunto con Turismo. Neste primeiro curso, este alumnado está no 1º cuatrimestre na facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e no 2º asistirán ás clases na nosa facultade. Dende o decanato planificamos realizar unha reunión no comezo do cuatrimestre e ofrecerlles a posibilidade de ter un representante.
- En relación con este mesmo punto, vense de publicar na prensa a existencia dun novo mapa de titulacións no SUG. A nós non nos afecta directamente, sinalando que se extingue Humanidades no campus de Ferrol e se presenta unha modificación do grao en Ciencias de la Cultura y Difusión Cultural nun grao relacionado ca Xestión do Patrimonio no campus de Lugo. Non conseguimos que se nos considere como grao singular sendo escollido como tal o grao de Xeografía. Non se recibiu notificación pero saíu publicada en DOGA unha referencia dos títulos seleccionados.
- Recibiuse o orzamento da Facultade para o vindeiro 2018. Nun primeiro momento chegou cunha diferenza respecto ao ano anterior de 13 mil €. Logo, indicóusenos que había un erro de 10 mil € ao noso favor e, finalmente, hoxe mesmo recibíuse a nova de que se recuperaban outros 3 mil € polo que contaremos para o vindeiro ano cun orzamento bastante similar ao do 2017. Os ingresos por acadar a Certificación e a acreditación do grao, influirán no presuposto de ano 2019.
- No tocante a calidade, estase a traballar co Informe de Revisión pola Dirección coa axuda da Area de Apoio aos Centros e Departamentos. Tamén se sinala que se están analizando as enquisas de satisfacción realizadas polos alumnos do 3º curso de grao no curso pasado e que estes resultados son sensiblemente peores que o ano precedente. Este tema é un aspecto para a reflexión xa que nos atopamos no aprobado raspado. O prof.

Antonio Presedo toma a palabra para indicar que se perdeu medio punto (sobre un máx. de 5) respecto ao ano anterior. No entanto, estes resultado aínda están en fase de avaliación y serán expostas as conclusións de forma máis pormenorizada.

- O secretario do equipo decanal, Adolfo Fernández, será o representante da Facultade na comisión dos “I premios da auga” propostos dende a Vicerreitoría do Campus de Ourense.
- A nova administrativa da facultade ata de agora estaba solicitando todos os venres de permiso. Perante a imposibilidade de proporcionar un servizo axeitado con estas ausencias chegouse a un acordo para evitar esta situación a partires do vindeiro ano. Por elo, a administrativa solicitou todos os días de vacacións e de asuntos propios que lle quedaban por desfrutar este ano, este período abrangue dende o 29 de novembro ata o 15 de xaneiro. Nesas datas contaremos co apoio puntual da Área de Apoio a Centros e Departamentos, de forma sistemática atenderán ao teléfono e revisarán o correo. Despois se lles irán solicitando temas puntuais imprescindibles para o decanato e o centro.
- Durante este meses que levamos deste curso dende distintas áreas planificáronse un gran número de actividades, agradecendo aos seus promotores o seu esforzo.

3. Aprobación do presuposto do ano 2017.

A Decana informa dos principais gastos do ano 2017 fornecendo á Xunta os datos desglosados totais para que sexan consultados polos interesados. Os principais conceptos foron os seguintes:

- Este ano non se acudiu á conferencia de decanos de historia polo que se aforrou o diñeiro das dietas deste desprazamento. Hai que prantexarse se realmente é necesario dito desprazamento en vindeiros anos xa que supón un importante gasto e non está demasiado claro a súa repercusión na Facultade.
- Un dos gastos máis importantes foi a actualización de todos os aparellos vellos da aula de informática. Tamén se atendeu ás peticións dos docentes e renováronse equipos do decanato.
- Fíxose unha inversión importante nos temas de promoción do grao, tanto na empresa Xeitura, que se encarga da difusión da modalidade presencial como en Nasas, da modalidade semipresencial.
- O diñeiro de delegación foi gastado na súa totalidade.
- En Protocolo investiuse toda a partida asignada, sendo unha parte desta, empregada na cea de despedida do profesor de Historia Medieval, Francisco Javier Pérez Rodríguez.

-A dotación de laboratorios docentes, profesorado e fotocopias gastouse na súa totalidade. Sinálase a importancia de este tipo de xestión propia, utilizando as impresoras do centro, fronte a gastos particulares en tóner ou fotocopias xa que saen moito máis caros.

Apróbanse por unanimidade os gastos dos presupostos do ano 2017.

4. Nomeamento de integrantes das seguintes comisións: Permanente; Calidade; de Compensación; de TFG; de Prácticas.

Logo das eleccións, necesítanse renovar as seguintes comisións: Permanente; Calidade; de Compensación; de TFG; e de Prácticas.

Na *Comisión Permanente* saíu recentemente a Profa. Elena de Uña, entrando como novo membro a profa. Yolanda Barriocanal, necesitándose un representante de alumnado e de PAS. Son nomeados do colectivo de estudantes, Manuel García Cabo e de PAS, Josefa Rodríguez Bouzas.

Na *Comisión de Calidade* son nomeados Juan Manuel Galiña Lorenzo e Iria Souto Castro (3º ciclo) polos estudantado e Josefina Cadilla Lomba polo PAS.

Na *Comisión de Compensación* é nomeada Lucía Álvarez Rodríguez como representante do alumnado.

Na *Comisión de Traballo Fin de Grao* son nomeadas Virginia Núñez Remacho e Josefa Rodríguez Bouzas polo alumnado e PAS respectivamente.

Na *Comisión de Prácticas* son nomeados Carlos Lozano González e Josefina Cadilla Lomba polo alumnado e PAS respectivamente.

5. Propostas de cambios no regulamento de TFG.

O coordinador do TFG e da Comisión de TFG, o Prof. Julio Prada, non está presente polo que a decana cédelle a palabra ao secretario, o Prof. Antonio Presedo. Indica que dende a comisión se quere simplificar o proceso. A proposta é facer pública a oferta do profesorado e, no seu caso, as demandas do alumnado, a través de FaiTic cun único prazo de presentación. En 2º lugar, xa pensando no vindeiro curso, intentarase que os TFG poidan ser depositados na plataforma e que as actas e todos os documentos para a avaliación podan estar dispoñibles na mesma. Sería unha experiencia piloto para este ano e para implementarse o ano próximo.

Toma a palabra a Profa. Beatriz Vaquero indica que o TFG é público a menos que o alumnado se manifieste en contra. A día de hoxe a plataforma non nos permite facer grupos pechados de consulta para os interesados polo que todo o que se suba a plataforma podería

ser visualizado polo resto dos usuarios desa materia. Estase intentando solucionar isto mediante a creación de grupos restrinxidos. Sería publico para os usuarios. O proceso é complexo pero estase a indagar se podería ser restrinxido para os membros do tribunal, director/a e alumno/a. Deste xeito, poderíamos eliminar todos os trámites en papel e o gasto e problemas que isto conleva.

6. Constitución da Xunta Electoral para elección a Decano/a.

A Decana informa que esta a piques de rematar este mandato do equipo de goberno da Facultade. Indica que ten a intención de presentarse á reelección ca finalidade de darlle unha continuidade ao traballo feito e coa intención de manter o conseguido. Para o equipo conta coas seguintes persoas: Adolfo Fernández Fernández, en calidade de Vicedecano, Josefina Cadilla Lomba, en calidade de secretaria.

Presenta os prazos previstos para o proceso electoral a decano/a e que nesta Xunta de Centro debe conformarse a Xunta Electoral (en adiante X.E.) para cumprir o calendario previsto que debe rematar nas eleccións o día 14 de decembro. Hoxe debe formalizarse dita X.E. mediante sorteo e que debe estar conformada polos seguintes membros: a Decana como presidenta, o secretario da Facultade (como secretario da X.E.), e un membro do PDI, un do alumnado e un do PAS.

Procédese ao sorteo quedando a composición da X.E. como segue:

Presidenta: Susana Reboreda Morillo.

Secretario: Adolfo Fernández Fernández.

Polo PDI: Julio Prada (titular) e Fco. Javier Pérez Rodríguez (suplente).

Polo alumnado: Virginia Núñez Remacho (titular) e Carlos Lozano González e Mireya Ferreiro Calvo (suplentes).

Polo PAS: Josefá Rodríguez Bouzas (titular) e Josefina Cadilla Lomba (suplente).

Apróbbase o calendario e a conformación da X.E. por unanimidade.

7. Aprobación da proposta de premio extraordinario fin de carreira.

Propónse ao alumno Arturo Real López, cunha nota final de expediente de 8,895, para dito premio.

Apróbbase dita proposición por unanimidade.

8. Rolda de intervencións

A profesora Beatriz Vaquero indica que a impresora/fotocopiadora do pavillón de despachos non funciona correctamente desde hai varios meses.

Dende o equipo de goberno indican que se porán en contacto coa empresa que xestiona este servizo para que arranxen o aparello ou procedan ao seu cambio.

O alumno Carlos Lozano pregunta polos beneficios de presentar o TFG en galego. Dende o decanato indícase que existe unha pequena retribución para aqueles alumnos que redacten o seu TFG en galego. Ademais, sinálase que se pode utilizar a impresora da facultade para imprimir os traballos.

O sector do alumnado solicita tamén que se teña un control sobre a apertura polos bolseiros da aula de informática xa que non soen cumprirse os horarios estipulados. A decana indica que estas incidencias deben ser comunicadas ao decanato inmediatamente para que este problema poda ser corrixido.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11.48 horas, e de todo dou fe como secretario.

A decana

O secretario



Susana Reboreda Morillo



Adolfo Fernández Fernández